

ASISTENTES:

María Lameiras Fernández
Enrique Barreiro Alonso
Pedro Araújo Nespereira
Mercedes Suárez Pazos
Elisa Alén González
Manuel Arias Estevez
M^a Isabel Doval Ruiz
Florentino Fernández Riverola
M^a Beatriz Vaquero Díaz
Silvia Carrera Álvarez
Iago Montoya Rodríguez
Luis Pérez Gómez
Filemón Rivas Conde

DESCULPAN ASISTENCIA:

M^a do Carmo Henriquez Salido
Abraham Herrero Menor
Jonathan Domínguez Rodríguez
Miguel Michinel Álvarez

No Salón de Graos do Edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes citados á marxe, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión ordinaria o día **12 de maio de 2011**, ás 16:30 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte **orde do día**:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (25/10/2010, 27/04/2010 e 21/03/2011)
- 2.- Designación de secretario/a
- 3.- Informe do presidente
- 4.- Aprobación, se procede, das solicitudes de cursos de extensión universitaria
- 5.- Aprobación, se procede, das solicitudes de accións participativas e asociacionismo
- 6.- Rogos e preguntas

1.- Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (25/10/2010, 27/04/2010 e 21/03/2011)

D. Enrique Barreiro advirte que na acta da sesión extraordinaria de 25 de outubro de 2010 o profesor Javier Rodeiro aparece como asistente e tamén como que desculpou a asistencia.

Toda vez se subsana o erro apróbanse as actas por asentimento.

2.- Designación de secretario/a

A Vicerreitora do Campus de Ourense solicita candidato/a para asumir as funcións de secretario/a do Consello de Campus. Non hai candidaturas, polo que propón que a profesora Elisa Alén asuma a Secretaría do Consello de Campus.

D^a Elisa Alén entende que deba presentarse algunha candidatura, pero si non hai ningunha está disposta a asumir esa responsabilidade.

Apróbase por asentimento a designación de D^a Elisa Alén como Secretaria do Consello de Campus.

3.- Informe do presidente

A Vicerreitora do Campus de Ourense comunica que non foi posible por problemas de última hora que o reitor puidera presidir o Consello de Campus, polo que o informe do presidente se adía ata a próxima sesión ordinaria.

4.- Aprobación, se procede, das solicitudes de cursos de extensión universitaria

A Vicerreitora do Campus de Ourense informa das seguintes cuestións:

- A solicitude do curso *Historia, cultura e dereito: a protección do patrimonio natural e cultural* foi presentada fora de prazo.
- O curso *VII curso audiovisual de Celanova*, non ten custo xa que é subvencionado pola Cátedra Carlos Casares.
- A solicitude do curso *A tradición oral galega e portuguesa: metodoloxía e tratamento das fontes* foi presentada en Vigo, pero como se realiza en Allariz enviouse dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ao Campus de Ourense.

Ademais comenta que os cursos presentados non exceden a cantidade destinada á súa organización polo que poden ser aprobadas todas as solicitudes presentadas en tempo e forma.

A continuación ábrese un debate sobre a posible utilización na avaliación das solicitudes presentadas de criterios de idoneidade académica. Tamén se discute se é procedente que o Consello do Campus de Ourense avalíe cursos presentados por profesores e/ou titulacións de fora do mesmo. Enténdese que pode ser necesario incluír na próxima convocatoria de axudas, elementos de decisión claros por si non houbera orzamento suficiente para aprobar todas as propostas.

Acórdase aprobar por asentimento os seguintes cursos presentados no Campus de Ourense:

A fiscalidade sobre a renda das persoas físicas: liquidación do IRPF e do ISD
Castros de interior: a idade do ferro do NO peninsular a través do exemplo limiao
Curso de competencias directivas
VII Curso audiovisual de Celanova. Cine galego: entre o obxecto identitario e a produción Low Cost
Cata de Viños, augardentes e licores
Mulleres, cuidados, benestar social
Relixiosidade e laicismo na sociedade do século XXI
Cultura e sociedade da Galicia do século XXI
Os espazos naturais protexidos e a súa xestión
Deporte, empresa e sociedade: a economía do deporte a través do cine
Planificación, estratexias e comportamento fiscal do contribuinte

e de xeito excepcional o curso *A tradición oral galega e portuguesa: metodoloxía e tratamento das fontes* presentado no Campus de Vigo.

Tamén se decide remitir unha consulta á Vicerreitoría de Extensión Universitaria para que aclare o criterio que se utiliza para a remisión da solicitude de financiamento a un campus ou a outro.

D. Enrique Barreiro solicita que a matrícula nestes cursos non sexa necesariamente presencial, que poda realizarse por Internet.

5.- Aprobación, se procede, das solicitudes de accións participativas e asociacionismo

Apróbase por asentimento a solicitude de 1.900€ presentada polos Comités Abertos de Facultade para realizar as Xornadas *Unir e loitar, organizar e loitar, loitar e vencer*.

6.- Rogos e preguntas

- 1) Toma a palabra D. Enrique Barreiro e roga que se axusten as axendas para que o reitor poda presidir os Consellos do Campus de Ourense. Tamén pregunta polas obras previstas no edificio Politécnico (fiestras e cafetería) e se hai medidas previstas de aforro enerxético (p.e. colocación de paneis solares nos tellados dos edificios).

A Vicerreitora D^a María Lameiras sinala que non foi posible axustar a convocatoria coa axenda do reitor debido á necesidade de convocar o Consello de Campus para resolver as diferentes solicitudes de axudas presentadas. Tamén informa de que as obras na Politécnica están en curso, estando no caso das fiestras o orzamento aprobado e asinado, e no caso da cafetería se está a analizar se é necesario facer modificacións ou adaptacións no convenio que regula a concesión do servizo. Por outra banda, comunica que dende a unidade técnica se está traballando en actuacións de calado que supoñan aforro enerxético.

- 2) D. Pedro Araujo pregunta a quen se teñen que dirixir os alumnos pertencentes a unha asociación do seu centro para saber quen son os asociados.

A Vicerreitora entende que esa información ten que estar recollida nos estatutos da asociación.

- 3) D^a Elisa Alén solicita que se habilite para o paso o camiño central do campus sur, xa que actualmente todo o recinto se atopa pechado.

- 4) Aparcamento no campus

D^a Mercedes Suárez solicita unha normativa para poder usar o parking que se atopa diante da entrada principal do Edificio de Facultades.

D. Pedro Araujo entende que debería incluírse no próximo Consello de Campus un punto na orde do día que tratara o tema da regulación dos aparcamentos.

A vicerreitora do campus de Ourense sinala que se está a traballar para traer á próxima sesión do Consello de Campus unha proposta de normativa que regule os aparcamentos.

Non habendo máis temas a tratar, finaliza a reunión ás 18:10 horas.

O Presidente
P.D. (R.R. 24/06/2010)
A Vicerreitora do Campus de Ourense

A Secretaria

Asdo. María Lameiras Fernández

Asdo. M^a Elisa Alén González